

Editor apaixonado

Mostrando polifacencias




MONTSE PENA PRESAS

Como vén sendo habitual, que se lle dedique o 17 de maio a unha figura autorial concreta xera un longo ronsel de publicacións ao redor do homenaxeado e da súa obra. Na maioría das ocasións, estas achegas serven para rescatar a determinados persoeiros do seu esquecemento máis que para deitar novas perspectivas sobre a súa produción. O feixe de estudos que neste 2008 se están consagrando a Xosé María Álvarez Blázquez parece tamén seguir este camiño. Nesta ocasión, isto vese propiciado pola intensa camiñada biográfica dun home que foi intelectual comprometido, editor, arqueólogo e autor e que, se ben se veu obrigado a levar a cabo toda clase de oficios para a manter a subsistencia familiar, non abandonou nunca a causa galeguista.

O volume que mellor mostra esta polifacencia e que máis afonda nela, tirando do olvido datos que non se coñecían, é *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra* de Darío Xohán Caba-

na. É este un libro diverso, que se ben repara nas súas orixes familiares para deterse



na estirpe de escritores Álvarez, tampouco renuncia a afondar nas diversas vertentes intelectuais do personaxe, especialmente na súa obra literaria (disto son bo exemplo as interpretacións das composicións poéticas, que se relacionan axeitadamente con acontecementos biográficos). A

esta habilidade non é allea a o feito de que Cabana convivise e se formase con Álvarez

Blázquez, con quen colaborou na Editorial Castrelos e con quen materia despois unha estreita amizade tamén na distancia. O coñecemento íntimo da súa persoa e o traballo ao seu lado permítelle a Darío Xohán citar textos inéditos tirados de cartas persoais, contar anécdotas que a maioría do lectorado descoñecerá e, sobre todo, profundizar nas angueiras dun editor cuxa labor aínda non se coñece abondo. Esta valorización do editor que puxo en funcionamento Monterrey, dirixida a un público bibliófilo, e Castrelos, encamiñada cara un lector máis xeral, conséguese a través dunha detida contextualización do sistema editorial de posguerra, analizando títulos publicados, manexando datos de tiraxes e mesmo comparando presenza nos medios. Eis aquí a maxia do volume: a descuberta de quen foi, antes de todo, editor apaixonado.

CABANA, Darío Xohán, *X.M. Álvarez Blázquez. Vida e obra*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 212 páxinas.